

CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2014/2015 TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES

(Aprobado polo Consello de Goberno do 27 de marzo de 2014)

1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 2 de setembro de 2014 ao 31 de xullo de 2015, organizado en dous subperíodos académicos. Excepcionalmente poderán realizarse actividades fóra deste período no caso de prácticas en empresas ou para avaliación de Traballos de Fin de Grao ou Mestrado. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

As actividades académicas docentes comprenden:

Primeiro cuadrimestre: desde o 8 de setembro de 2014 ao 19 de decembro de 2014

Segundo cuadrimestre: desde o 27 de xaneiro de 2015 ao 15 de maio de 2015

Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 23 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde.

3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de convocatoria	Do 1 ao 12 de decembro de 2014	19 de decembro de 2014
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 7 ao 23 de xaneiro de 2015	6 de febreiro de 2015
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	23 de febreiro de 2015 para as actas do TFG e TFM
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 18 de maio ao 5 de xuño de 2015	16 de xuño de 2015
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	3 de xullo de 2015 para as actas do TFG e TFM
2ª oportunidade	Do 1 ao 17 xullo de 2015 (*)	24 de xullo de 2015
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	25 de setembro de 2015 para as actas do TFG e TFM
Os horarios de avaliación do Adianto de convocatoria serán establecidos polo Centro una vez coñecidas as solicitudes		

(*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre.

A matrícula e defensa do TFG e do TFM se realizará conforma ao disposto nos artigos 1º e 2º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013

A estas opcións tamén se poden acoller os alumnos do TFM sempre que non exista impedimento no correspondente plan de estudos.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 20 de decembro de 2014 ata o día 6 de xaneiro de 2015 (ambos os dous incluídos); os días 16 e 17 de febreiro de 2015 e desde o día 28 de marzo ao día 6 de abril de 2015 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 26 de xaneiro de 2015 por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o seguinte.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data **27 de marzo de 2014**.

O secretario xeral



Asdo. Carlos Amoedo Souto